



## ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA 14 DE FEBREIRO DO 2026

### ASISTENTES

#### XUNTA DIRECTIVA

- D. Manuel Mouzo Méndez, *Presidente*.  
D. Manuel Rodríguez Meira, *Vicepresidente Primeiro*.  
D. Ramón Souto Pérez, *Tesoureiro, Pte. Comité Embarcación Fondeada e Pte. Comité Mar Rocha*.  
D. Víctor M. Ferreiro Fariña, *Delegado Pontevedra, Pte. Comité Spinning Mar Costa*.  
D. Manuel Campos Cruces, *Subdelegado Pontevedra, Pte. Comité Mar Costa*.  
D. José Ramón Castro Varela, *Delegado A Coruña*.  
D. Antonio Cortés Araujo, *Delegado Ourense*.  
D. Benigno Fco. Rodríguez Bejarano, *Pte. Comité Corcheo Mar*.  
D. Antonio Laureano Pardo Martín; *Pte. Comité de Xuíces*.  
D. Juan Ramiro Agra Requeijo, *Pte. Comité Salmónidos*.  
D. Juan Manuel Castro Fuentes, *Secretario*.

#### ESTAMENTO DE CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS

- D. Borja Amoedo Sancho, *Club Pesca Cíes*.  
D. Javier Longueira Freire, *Club de Pesca O Capote*.  
D. Manuel Rodríguez Meira, *Club de Pesca Monforte*.  
D. Rafael Serrano Martínez, *Club O Peixe*.  
D. Alberto Abilleira Iglesias, *Club del Mar de San Amaro*.  
D. Juan Manuel Castro Fuentes. *SPD Neria*.  
D. Gerardo Orol Castro, *Club de Pesca do Barbanza*.

#### ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

- D. Iván Iglesias Mejuto  
D. Benigno Fco. Rodríguez Bejarano  
D. Juan José Moimenta Prieto  
D. Ramón Souto Pérez

#### ESTAMENTO DE XUÍCES

- D. Antonio Laureano Pardo Martín.

As persoas que arriba se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **sábado día 14 de febreiro do 2026** no Local Social do club de pesca Monforte, sito en Rosalia de Castro s/n, 27400 Monforte de Lemos (Lugo) para trataren a seguinte:



## ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas e memoria económica 2025.
- 3.- Presentación e aprobación, se procede, das modificación do calendario deportivo 2026.
- 4.- Aprobación, se procede, de abandonar a UFEDEGA.
- 5.- Presentación e aprobación, se procede, do Código de Bo Goberno.
- 6.- Autorización da asemblea xeral para que o Presidente ou Xunta Directiva poidan facer as modificación do Código de Bo Goberno que a Secretaría Xeral Para o Deporte lles requira.
- 7.- Información sobre a asemblea da FEPYC.
- 8.- Aprobación pola Asemblea Xeral das axudas a deportistas en competicións internacionais 2026.
- 9.- Inscripcións en competicións de Embarcación Fondeada.
- 10.- Aprobación, se procede do Regulamento Electoral.
- 11.- Aprobación, se procede, do Calendario Electoral.
- 12.- Autorización da asemblea xeral para que a Xunta Directiva ou o Presidente poidan facer as modificacións do Regulamento Electoral e Calendario Electoral que a Secretaría Xeral Para o Deporte lles requira.
- 13.- Nomeamento da Xunta electoral.
- 14.- Nomeamento Comisión Xestora, e aprobación excepcións.
- 15.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre a asemblea, en segunda convocatoria, ás 12:30 horas do día sinalado no encabezamento.

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**



A acta da asemblea xeral extraordinaria celebrada o 21/11/25 foi remitida a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria da asemblea e non se manifestan obxeccións á redacción da mesma polo que queda aprobada por unanimidade.

## **2. Aprobación, se procede, das contas e memoria económica 2025.**

As contas e memoria económica 2025 foran enviadas a tódolos asembleístas no momento da convocatoria da asemblea. O Presidente pregunta se algunha dúbida sen que ningún presente interveña. Inda así dáselle un repaso as contas e informase aos presentes das diversas partidas que tanto o balance de perdas e ganancias como a memoria anual reflicten. Somete a aprobación as contas para seren asinadas polo Tesoureiro e Presidente tal e como se presentan e son aprobadas por unanimidade.

## **3. Presentación e aprobación, se procede, das modificación do calendario deportivo 2026.**

Neste punto son expostas a modificacións que foron necesarias ao calendario 2026 aprobado na asemblea xeral anterior.

- Modificación da data de Corcheo Mar que pasa do 15 ao 8 de agosto.
- Inclusión no calendario das competicións provincial, autonómico e selectivo de Embarcación Fondeada.
- Modificación da data de prevista para a Gala da Pesca Deportiva Galega que pasa ao 21 de novembro.
- Modificación da data do 2º día Selectivo Mar Costa para o 31 de outubro por coincidencias en data co calendario de competicións do FEPyC.
- Modificación da data do Open Mar Rocha para o 3 de outubro.

Sométese á valoración da asemblea sendo aprobado por unanimidade.



#### 4. Aprobación, se procede, de abandonar a UFEDEGA.

O Presidente presenta á asemblea xeral os correos que cruzou co vicepresidente segundo da UFEDEGA, que é asemade o Presidente da Federación Galega de Piragüismo. Neses correos a asemblea puido ver de primeira man a especial inquina persoal que o Presidente da Federación Galega de Piragüismo nos ten aos pescadores e á pesca deportiva (segundo o que se desprende das súas propias palabras); véndose ademais como ese señor cualifica os dereitos da pesca deportiva coma “**prebendas medievais**” que necesariamente se deben suprimir. Neses correos quedou tamén patente a defensa que o Presidente da Federación Galega de Pesca fai da nosa especialidade deportiva e das persoas deportistas que a practican.

Tras debate entre os presentes, e por mor de recadar mais información, a Asemblea autoriza ao Presidente a tomar a decisión que crea oportuna no momento que corresponda.

#### 5. Presentación e aprobación, se procede, do Código de Bo Goberno.

A recente LEI 3/2025, do 15 de decembro, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia Na que se engade un novo artigo 55 bis, referido ao código de bo goberno e ao deber de transparencia das federacións deportivas de Galicia, refire no seu punto 1. ‘Mediante un acordo da súa asemblea xeral, as federacións deportivas galegas aprobarán un código de bo goberno no que se establezan as prácticas de boa gobernanza e integridade da federación, as regras en materia de transparencia, o código de conduta para os seus órganos de goberno, a xunta directiva e a comisión delegada e mais os seus membros, alén das normas relativas á xestión e o control de todas as transaccións económicas que efectúe a federación’. Dándolle ás Federacións deportivas galegas un prazo de un ano para aprobar ese Código de Bo Goberno.



Exponse brevemente que na Federación Galega de Pesca xa se viñan cumprindo os requisitos esixidos neste Código. Algúns deles figuran no Código de Ética Deportiva da Federación, aprobado en asemblea xeral do sábado día 27 de Novembro de 2021.

O Código de Bo Goberno da Federación Galega de Pesca foi enviado a tódolos asembleístas, xunto coa convocatoria da asemblea xeral e non se formulou obxección algunha. Sometido á valoración da asemblea, foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**6. Autorización da asemblea xeral para que o Presidente ou Xunta Directiva poidan facer as modificación do Código de Bo Goberno que a Secretaría Xeral Para o Deporte lles requira.**

O Presidente informa que unha vez aprobado pola asemblea xeral, o Código de Bo Goberno debe ser enviado á Secretaría Xeral Para o Deporte para o súa ratificación ou, de ser o caso, facer as modificacións que ese servizo nos requira. Por esta razón, solicítase autorización á asemblea para que, de ser necesario, a Xunta Directiva ou o Presidente poidan facer as modificacións requiridas e así non ter que convocar unha nova asemblea para este asunto. Non habendo obxección algunha a asemblea aproba esa autorización por unanimidade.

**7. Información sobre a asemblea da FEPYC.**

O presidente informa que na asemblea da FEPYC, como xa ven sendo habitual dende o 2020 por ter defendido ante os tribunais, xunto coa Federación Andaluza, o que nos entendemos coma os nosos dereitos, foi aprobado o calendario deportivo 2026 no que se exclúe a Galicia e Andalucía coma escenarios para competición nacional algunha. Nesta asemblea, Galicia e Andalucía emitiron voto en contra da aprobación do calendario deportivo da FEPYC e formularon voto particular. Acordouse tamén, xunto con Andalucía, buscar asesoramento xurídico e estudar a viabilidade de posibles accións ante o que nós entendemos coma unha inadmisíbel discriminación. O Presidente pregunta se



algún membro da asemblea está en contra deste acordo, non habendo manifestación algunha ao respecto.

## **8. Aprobación pola Asemblea Xeral das axudas a deportistas en competicións internacionais 2026.**

O Presidente recorda que ata o de agora, as axudas a deportistas internacionais na modalidade de salmónidos mosca absoluto viñan sendo concedidas con cargo ao convenio anual asinado coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Para o 2026 houbo un recorte de 5.000.- € nese convenio e desapareceron do mesmo esas axudas. Debido tamén á obriga do cumprimento do Código de Bo Goberno aprobado hoxe, dende agora as axudas a deportistas internacionais, concederanse ou non, segundo a dispoñibilidade económica da Federación Galega de Pesca en cada momento, pero deberán ser, necesariamente, sometidas á aprobación da asemblea xeral. Non cabendo conceder axudas sen contar con esa aprobación.

Para a tempada 2026 termos a tres deportistas no Mundial Salmónidos Mosca Absoluto en Idaho (USA). A proposta que se fai á asemblea é de concederlles unha axuda de 1.500.-€ a cada un deles.

No Mundial de Salmónidos Mosca Veteranos en Koppang (Noruega), teremos a un deportista. A proposta que se fai á asemblea é de concederlles unha axuda de 1.000.-€.

Para o Mundial Salmónidos Mosca Xuventude a Federación xa dedica tódolos esforzos económicos que pode á competición nacional. Por ilo non se dan axudas para o Mundial. Non obstante, debido a que este ano España compite nunha nova categoría creada pola FIPS Mouche, que vai dos 18 aos 24 anos, e para a que foi convocado o noso deportista Raúl Sánchez Iglesias, a participar xunto con Lucas Gómez Fierro no Mundial desta nova categoría en BallyBoffey, (Irlanda), Entendemos que, dentro das nosas posibilidades, debemos tentar facer un esforzo máis polos nosos mozos, sobre todo cando se esforzan adestrando e coidando a súa imaxe e a imaxe da Federación Galega de Pesca, participando coa selección nacional en competicións internacionais.



Proponse á asemblea concederlles unha axuda de 300.- € a cada un.

No referente ao Mundial Embarcación Fondeada Xuventude; este ano desenvolverase en España, (Torrevieja), e no caso das competicións internacionais que se desenvolven en Territorio Español nunca se concederon axudas.

As propostas son aprobadas por unanimidade.

#### **9. Inscripcións en competicións de Embarcación Fondeada.**

O Presidente informou á asemblea que, dentro do novo marco económico que se nos presenta, onde os gastos aumentaron de xeito considerable, sobre todo no apartado seguros, faise necesario aumentar a inscrición de embarcación fondeada, destinada a pagar as embarcacións, a 35.- € por deportista inscrito.

A proposta é aprobada por unanimidade.

#### **10. Aprobación, se procede do Regulamento Electoral.**

Estamos en ano electoral e polo tanto cómpre iniciar o proceso legalmente previsto nestes casos. O Regulamento Electoral foi enviado a tódolos membros da asemblea xunto coa convocatoria da mesma. Cómpre aprobalo en asemblea xeral e posteriormente remitirillo á Secretaría Xeral Para a súa ratificación ou, de ser o caso, facer as modificacións que se nos requiran.

O regulamento electoral é aprobado por unanimidade.

#### **11. Aprobación, se procede, do Calendario Electoral.**

Coma no caso anterior, o calendario electoral, que tamén lles foi enviado aos asembleístas xunto coa convocatoria da asemblea, é necesario aprobalo en asemblea xeral e posteriormente remitirillo á Secretaría Xeral Para a súa ratificación ou, de ser o caso, facer as modificacións que se nos requiran.



O calendario electoral é aprobado por unanimidade.

**12. Autorización da asemblea xeral para que a Xunta Directiva ou o Presidente poidan facer as modificacións do Regulamento Electoral e Calendario Electoral que a Secretaría Xeral Para o Deporte lles requira.**

Polo exposto nos puntos 10 e 11, no caso de que se nos requira facer modificacións ao regulamento electoral e calendario electoral, o Presidente solicita á asemblea que autorice á Xunta Directiva ou ao Presidente as modificacións que lles fosen requiridas pola Secretaría Xeral Para o Deporte, sen ter que convocar nova asemblea para ese asunto.

A asemblea aproba esa autorización por unanimidade.

**13. Nomeamento da Xunta electoral.**

O presidente recorda que a Xunta Electoral debe ser elixida consonte ao artigo 6 do DECRETO 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas. Non obstante, ao non haber candidatos á Xunta Electoral entre os membros da asemblea, o Presidente recorda que é de aplicación o punto 2 dese artigo e propón ás seguintes persoas membros da Federación Galega de Pesca, para formar a Xunta Electoral.

Presidente: D. José Guzmán Antelo DNI: xxxx1264P

Secretario: D. Martín Villar Nuñez DNI: xxxx9067X

Vogal: D. José Rabuñal Caamiña DNI: xxxx8039L

Suplentes:

Primeiro: D. Santiago Blanco Ruppen DNI: xxxx7557D

Segundo: D. Camilo González Suárez DNI: xxxx2447Z

Terceiro: D. Fernando Noya Pardo DNI: xxxx8008Q



A proposta é aprobada por unanimidade dos presentes.

#### **14.- Nomeamento Comisión Xestora, e aprobación excepcións.**

O Presidente anuncia que a Comisión Xestora debe ser nomeada consonte ao art. 4 do Regulamento Electoral. Propón que os catro membros elixidos pola Xunta Directiva sexan:

- Juan Manuel Castro Fuentes. Secretario Xeral da Federación.
- Ramón Souto Pérez. Tesoureiro da Federación.
- Ramón Castro Varela. Delegado da Coruña.
- Víctor Ferreiro Fariña. Delegado de Pontevedra.

Suplentes:

- Alejandro Pérez Trebolle. Delegado de Lugo.
- Antonio Cortés Araújo. Delegado de Ourense.
- José Antonio Laureano Pardo Martín. Presidente Comité de Xuíces.
- Manuel Rodríguez Meira. Vicepresidente primeiro.

Solicita á asemblea que nomee aos outros catro candidatos, non habendo candidatura algunha. Ante esta situación o Presidente propón que os catro suplentes nomeados pola Xunta Directiva pasen a ser titulares e nomear coma suplentes a:

- Juan Ramiro Agra Requeijo.
- Manuel Campos Cruces.
- Benigno Francisco Rodríguez Bejarano.
- Pablo de Andrés Vales.
- Pedro Bolaño Pérez.
- Gabriel Fernández Vázquez.
- Borja Amoedo Sancho.
- Juan José Moimenta Prieto.

Presidente da comisión xestora. Manuel Mouzo Méndez.



Como a data de presentación de candidaturas a membro da asemblea xeral ten coma inicio previsto o 12 de maio, e o proceso electoral non remata ata setembro, e que calquera persoa membro da Comisión Xestora que se presente a candidata da asemblea debe dimitir da Comisión Xestora, corremos o risco de non ter persoa algunha para facer os trámites normais da Federación ou mesmo desenvolver o calendario deportivo.

Debido a que o certificado dixital da FNMT de representante da Federación o ten o Presidente e que entre o 12 de maio e a fin do proceso electoral temos competicións para as que cómpre solicitar autorización polos rexistros dixitais, que as sinaturas autorizadas na entidade bancaria son as do Tesoureiro, Secretario e Presidente (pois xa fai anos que se veñen facendo os pagos con dúas sinaturas), e nese espazo de tempo teremos moitos pagos que facer, que haberá que facer memorias e presentar xustificacións polo rexistro electrónico, que haberá que facer plicas sorteos, clasificacións, acondicionamento de escenarios (tramear ríos, etc), expedir certificacións, inscricións en competicións nacionais, etc, solicítase á asemblea xeral autorización para que, autorice ás persoas que normalmente veñen desenvolvendo esas tarefas, as poidan seguir facendo, excepcionalmente, no caso de ter presentado candidatura á asemblea xeral e non poder seguir sendo membros da Comisión Xestora. No caso de aprobación, elevarase unha memoria xustificativa e solicitude de ratificación desta autorización á Secretaría Xeral Para o Deporte. Evitando así, na medida do posible, a parálise total da Federación Galega de Pesca. Xa que tanto o calendario coma as tarefas administrativas, as desenvolven e asumen enteiramente os membros da Xunta Directiva.

Sometido o asunto á valoración da asemblea, autorízase ás persoas habitualmente responsables dos trámites administrativos e organización das competicións deportivas, a seguir desenvolvendo esas tarefas inda que non sexan membros da Comisión Xestora, pero baixo a súa supervisión.

## **15.- Rogos e preguntas.**

Javier Longueira Freire pregunta pola opción de cambiar o acordo acadado na pasada asemblea xeral ordinaria do 15 de Febreiro 2025 no referente á participación Galega nos



distintos nacionais. O Presidente aclara que ese debate debe ser proposto de ante man para ser levado na orde do día e así poder tratarse en asemblea. Nin a asemblea pode tratar puntos que non figuren na Orde do Día, nin o Presidente nin a Xunta Directiva poden facer actuacións que vaian en contra dos acordos acadados pola Asemblea Xeral.

Propón tratalo en Rogos e Preguntas e o Presidente informa de que os temas tratados en rogos e preguntas non poden ser sometidos a votación.

Tamén pregunta pola opción de nomear un 2º capitán nos campionatos nacionais que exerza coma asesor dos deportistas indo pagado polos clubs.

O Presidente explica que nomear Capitán a competicións nacionais é competencia única e exclusiva do Presidente da Federación Territorial. Acepta levar a debate en Xunta Directiva a opción dun asistente técnico en condición de 2º capitán para poder ter acceso a zonas restrinxidas nas competicións nacionais. Aclara asemade que, como a organización interna da FGPeC é unha competencia propia, aos efectos federativos galegos non exercería coma capitán, senón coma asesor técnico. Insiste que a representación, dirección, organización, reclamación, ou calquera outra xestión que ao longo dun campionato nacional sexa necesaria o se deba trasladar ao organizador, a competencia será única e exclusiva do capitán nomeado polo Presidente da Federación Galega de Pesca para ese nacional. As súas decisións son inapelables. Calquera incidencia ou insubmisión ao capitán vulnera un dos requisitos indispensables para formar parte da selección autonómica.

Alberto Abilleira Iglesias pregunta polas competicións de embarcación fondeada dúos e clubs.

O Presidente explica que por orzamento e limitacións de datas non é posible realizalas. Sinalando asemade a falta de recursos humanos para poder desenvolver un calendario de competicións máis amplo. O actual está ao linde das posibilidades das persoas que actualmente se ocupan da súa xestión, organización e desenvolvemento.

Tamén pregunta pola opción de crear unha categoría autonómica de embarcación fondeada xuvenil. Queda pendente de estudo por parte da Xunta Directiva. Non obstante, o Presidente recorda o papel que necesariamente deben exercer os clubs nese sentido. Non lle consta que ningún club teña esa categoría (Embarcación Fondeada Xuventude) entre as súas actividades.



Alberto Abilleira Iglesias ofrece-se coma alternativa a Coordinador de Seguridade de Embarcación Fondeada.

Gerardo Orol interésase polo cebo en Mar Costa. O Presidente aclara que o proveedor será o mesmo para tódolos clubs para que haxa igualdade entre os competidores e que teñen que ser os clubs os que se poñan en contacto co proveedor para solicitar o custo deste.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

O Presidente da por rematada a asemblea ás 14,20 horas. Eu coma secretario dou fe.

Asdo.:

Vº e Prace:

D. Juan Manuel Castro Fuentes  
Secretario da Asemblea

D. Manuel Mouzo Méndez  
Presidente